

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

**6993** Orde ESS/1222/2015, do 22 de xuño, pola que se regula o taboleiro de anuncios da Seguridade Social.

A Orde TIN/831/2011, do 8 de abril, pola que se regula o taboleiro de edictos e anuncios da Seguridade Social, ditouse en aplicación e desenvolvemento do establecido polo número 4 da disposición adicional quincuaxésima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, conforme o cal as notificacións dos actos administrativos ditados no ámbito da seguridade social que non se tivesen podido realizar na sede electrónica da Seguridade Social ou no domicilio do interesado por concorrer algún dos supostos previstos no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, deberanse practicar exclusivamente no referido taboleiro de edictos, situado na sede electrónica da Seguridade Social.

Xunto a esa función principal do taboleiro de edictos para a publicación de notificacións, a citada orde ministerial configurouno tamén como un medio para publicar anuncios, acordos, resolucións e comunicacións emitidos pola Administración da Seguridade Social en exercicio das súas competencias, así como de calquera outra información de interese xeral da dita Administración.

A previsión legal á cal deu cumprimento a Orde TIN/831/2011, do 8 de abril, resultou posteriormente afectada pola Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, en cuxo artigo 25 se modifica o artigo 59.5 e se introducen dúas novas disposicións, a adicional vixésimo primeira e a transitoria terceira, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, co obxecto de implantar un taboleiro de edictos único e gratuito a través do «Boletín Oficial del Estado» para notificar os actos administrativos de todas as administracións públicas nos supostos recollidos no citado artigo 59.5, con efectos a partir do 1 de xuño de 2015.

Isto motivou a adaptación da regulación contida no referido número 4 da disposición adicional quincuaxésima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, efectuada en virtude da disposición derradeira terceira.dous da Lei 34/2014, do 26 de decembro, de medidas en materia de liquidación e ingreso de cotas da Seguridade Social, de forma que tamén a partir do 1 de xuño de 2015 as notificacións dos actos administrativos en materia de seguridade social que non se poidan realizar nos supostos previstos no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se deberán practicar, en todo caso, por medio dun anuncio publicado no «Boletín Oficial del Estado» en lugar de no taboleiro de edictos e anuncios da Seguridade Social.

Sen prexuízo da reforma sinalada, no mesmo número 4 preservouse a utilización do taboleiro xa operativo na sede electrónica da Seguridade Social como medio para a publicación dos anuncios, acordos, resolucións, comunicacións e calquera outra información da Administración da Seguridade Social non afectados polo suposto en que as notificacións se deban practicar no taboleiro de edictos único no citado boletín oficial. Por isto, pasou a se denominar taboleiro de anuncios da Seguridade Social e previuase que as publicacións nel se efectuarán nos termos que se determinen por orde do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Para dar cumprimento a ese último mandato legal, mediante esta orde regúlanse o obxecto, as características, a xestión e o funcionamento do taboleiro de anuncios da Seguridade Social e a xestión das publicacións que se realizarán nel. Tal regulación comporta, así mesmo, a necesidade de modificar o actual ficheiro de datos de carácter persoal «taboleiro de edictos e anuncios da Seguridade Social» creado pola Orde

TIN/831/2011, do 8 de abril, que pasa a constituír o novo ficheiro «taboleiro de anuncios da Seguridade Social».

Sobre esta orde emitiu informe favorable a Comisión Ministerial de Administración Dixital do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, conforme o disposto no artigo 2.2.f) da Orde TIN/3155/2011, do 8 de novembro, pola que se regulan a súa composición e funcións, en relación co previsto na disposición adicional segunda.1 do Real decreto 806/2014, do 19 de setembro, sobre organización e instrumentos operativos das tecnoloxías da información e das comunicacións na Administración xeral do Estado e nos seus organismos públicos.

Tamén emitiu informe favorable a Axencia Española de Protección de Datos, de acordo co disposto no artigo 5.b) do estatuto da citada Axencia, aprobado polo Real decreto 428/1993, do 26 de marzo.

Esta orde dítase en uso das atribucións conferidas para o efecto pola disposición adicional quincuaxésima.4 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Na súa virtude, logo de aprobación do ministro de Facenda e Administracións Públicas e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

## Artigo 1. *Obxecto.*

1. O taboleiro de anuncios da Seguridade Social servirá como medio de publicación dos anuncios, acordos, resolucións e comunicacións emitidos pola Administración da Seguridade Social, en exercicio das súas competencias, e de calquera outra información de interese xeral da dita Administración a que se refire o parágrafo segundo do número 4 da disposición adicional quincuaxésima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Esa publicación terá carácter complementario respecto a aqueles actos en que unha norma exixa a súa publicación por outros medios.

2. A publicación no taboleiro de anuncios da Seguridade Social terá a consideración de oficial e auténtica, consonte as normas e condicións que se establecen nesta orde.

## Artigo 2. *Ámbito subxectivo.*

Para os efectos desta orde, entenderase por Administración da Seguridade Social a totalidade das direccións xerais, entidades xestoras e servizos comúns incluídos no ámbito de aplicación da sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social, de conformidade co artigo 2.a) da Orde TIN/1459/2010, do 28 de maio, creadora da dita sede.

## Artigo 3. *Características do taboleiro de anuncios da Seguridade Social.*

1. O taboleiro de anuncios da Seguridade Social será único para toda a Administración da Seguridade Social, terá formato dixital e axustarase ás especificacións que se establecen nesta orde, así como ás condicións establecidas na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. O taboleiro estará accesible as 24 horas do día e de forma gratuíta na sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social, nos termos que se indican no artigo 10.

3. A publicación no taboleiro de anuncios da Seguridade Social respectará os principios de accesibilidade e facilidade de uso, de acordo coas normas establecidas ao respecto, e utilizará estándares que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns cunha constante adaptación ao progreso tecnolóxico.

En particular, terá as condicións de accesibilidade que faciliten a súa consulta polas persoas con discapacidade ou de idade avanzada, conforme o establecido no Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías,

produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social, aprobado polo Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro.

#### Artigo 4. *Garantías do taboleiro de anuncios da Seguridade Social.*

Corresponde á Xerencia de Informática da Seguridade Social:

- a) Garantir a dispoñibilidade do taboleiro de anuncios da Seguridade Social, así como a autenticidade e integridade do contido que nel se publique, mediante o emprego dos sistemas de sinatura electrónica relacionados nos artigos 18 e 19 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.
- b) Velar para que reúna as condicións de accesibilidade necesarias para a súa consulta polas persoas con discapacidade ou de idade avanzada e a súa permanente adaptación ao progreso tecnolóxico.
- c) Publicar na sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social as prácticas e os procedementos necesarios para a efectividade do previsto neste artigo.
- d) Garantir a xeración de evidencias electrónicas que permitan a constatación da data e da hora de publicación no taboleiro de anuncios da Seguridade Social dos anuncios e demais actos e información, para efectos da súa oportuna acreditación posterior.

#### Artigo 5. *Características dos anuncios e demais actos e información que se vaia publicar.*

1. Na cabeceira de cada anuncio e dos demais actos e información a que se refire o artigo 1.1 figurará:

- a) O escudo de España.
- b) A denominación «taboleiro de anuncios da Seguridade Social».
- c) O logotipo do taboleiro de anuncios da Seguridade Social, que será «TANUSS».
- d) O número de páxina.

En cada anuncio e demais actos e información figurará, ademais, a identificación do órgano ou unidade que o emite e ordena a súa publicación, de acordo co establecido no artigo 6.

2. Os anuncios e demais actos e información conterán tamén unha representación da sinatura electrónica realizada con motivo da súa publicación no taboleiro de anuncios da Seguridade Social, que será visible tanto en formato electrónico como en papel e que incluirá, ao menos, a identificación do órgano ou unidade asinante e a data en que se produciu tal publicación.

#### Artigo 6. *Competencia para ordenar a publicación.*

As direccións xerais dependentes da Secretaría de Estado da Seguridade Social e os órganos e unidades centrais e provinciais das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social adscritos á dita Secretaría de Estado que, de conformidade coas súas respectivas competencias, estean lexitimados para a emisión dos anuncios e demais actos e información a que se refire o artigo 1.1 serán os competentes para ordenar a súa publicación no taboleiro de anuncios da Seguridade Social.

#### Artigo 7. *Responsabilidade sobre os contidos.*

Serán responsables do contido dos anuncios e dos demais actos e información postos á disposición dos cidadáns no taboleiro os titulares dos órganos e unidades emisores do acto publicado.

#### Artigo 8. *Competencia para a publicación.*

A publicación dos anuncios e demais actos e información a que se refire o artigo 1.1 corresponderá á Xerencia de Informática da Seguridade Social, en exercicio da súa

competencia para a xestión tecnolóxica da sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social.

Artigo 9. *Prazos e efectos da publicación.*

O prazo de publicación ou de exposición, se for o caso, e os posibles efectos da publicación dos anuncios e demais actos e información a que se refire o artigo 1.1 serán, en cada caso, os que determine o órgano competente para ordenar a súa publicación.

Artigo 10. *Acceso dos cidadáns ao taboleiro de anuncios da Seguridade Social.*

1. O acceso dos cidadáns ao taboleiro de anuncios da Seguridade Social, a través da sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social, non precisará de identificación ningunha.

A localización dos anuncios e demais actos e información que se publiquen nel, así como a súa recuperación e impresión, efectuarase mediante un sistema de busca avanzado que contará cos mecanismos necesarios para evitar a indexación e recuperación automática de publicacións a través de motores de busca desde a internet.

2. En todas as oficinas de atención ao público da Administración da Seguridade Social se facilitará a consulta pública e gratuíta do taboleiro de anuncios da Seguridade Social.

Disposición adicional primeira. *Protección de datos de carácter persoal.*

1. O funcionamento, a xestión e a publicación de anuncios e demais actos e información no taboleiro de anuncios da Seguridade Social axustaranse ao establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, así como no resto da normativa que lles sexa de aplicación.

2. Para efectos do disposto na citada normativa, a Secretaría de Estado da Seguridade Social terá a condición de responsable do ficheiro.

Cada unha das direccións xerais, entidades xestoras e servizos comúns a que se refire o artigo 2 terá a condición de responsable do tratamento dos datos correspondentes aos anuncios e demais actos e información cuxa publicación no taboleiro sexa ordenada polos seus órganos e unidades centrais ou provinciais.

Disposición adicional segunda. *Modificación do ficheiro de datos de carácter persoal.*

Modifícase o ficheiro de datos de carácter persoal «taboleiro de edictos e anuncios da Seguridade Social», creado pola Orde TIN/831/2011, do 8 de abril, que pasa a se denominar «taboleiro de anuncios da Seguridade Social» e cuxas características figuran como anexo a esta orde.

Disposición adicional terceira. *Implantación do taboleiro de anuncios da Seguridade Social.*

A implantación efectiva da publicación no taboleiro de anuncios da Seguridade Social dos anuncios e demais actos e información a que se refire o artigo 1.1, emitidos pola Administración da Seguridade Social en exercicio das súas competencias, terá lugar o día de entrada en vigor desta orde.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde TIN/831/2011, do 8 de abril, pola que se regula o taboleiro de edictos e anuncios da Seguridade Social, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Autorízase o secretario de Estado da Seguridade Social para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do previsto nesta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 22 de xuño de 2015.—A ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez García.

## ANEXO

### **Denominación do ficheiro: «taboleiro de anuncios da Seguridade Social»**

Finalidade do ficheiro e usos previstos: xestión da publicación de anuncios, acordos, resolucións e comunicacións emitidos pola Administración da Seguridade Social, así como de calquera outra información de interese xeral da dita Administración, no taboleiro de anuncios da Seguridade Social.

Persoas ou colectivos dos cales se obteñen datos ou que resulten obrigados a subministralos: interesados aos cales se refiren os anuncios e demais actos e información que se vai publicar.

Procedemento de recolla de datos: procedementos en que se ditan ou emiten os anuncios e os demais actos e información que se vai publicar.

Estrutura básica do ficheiro e descrición dos datos recollidos: datos contidos nos anuncios e demais actos e información que se vai publicar; nome e apelidos dos interesados e, se for o caso, DNI, NIE ou CIF.

Sistema de tratamento: automatizado.

Cesións de datos previstas: os anuncios e demais actos e información permanecerán accesibles a terceiros durante o prazo en que figuren publicados.

Transferencias internacionais previstas: non se prevén.

Órgano responsable do ficheiro: Secretaría de Estado da Seguridade Social.

Órgano ante o cal se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Secretaría de Estado da Seguridade Social, rúa Agustín de Bethencourt, 4. 28003 Madrid.

Nivel de seguridade: nivel medio.